



IES LELIADOURA
PROGRAMACIÓN
XERAL
ANUAL
RIBEIRA
CURSO 2024-2025

ÍNDICE

1. NOTAS DE IDENTIDADE	3
2. OBXECTIVOS XERAIS	4
<u>2.1. Desenvolver unha contorna saudábel para todos os membros da comunidade educativa.</u>	4
<u>2.2. Fomentar, a comunicación, participación e imaxe do centro</u>	5
<u>2.3. Manter actualizado o Proxecto Educativo do Centro</u>	6
<u>2.4. Fomentar as medidas que favorezan a convivencia entre os membros da comunidade educativa</u>	7
<u>2.5. Mellorar os plans e programas de atención á diversidade</u>	8
<u>2.6. Calendario do curso e sesións de avaliación</u>	8
<u>2.7. Actividades Complementarias e Extraescolares</u>	9
<u>2.8. Mellora da comprensión lectora</u>	9
<u>2.9. Potenciación de linguas estranxeiras e Programas Internacionais</u>	10
<u>2.10. Fomento do uso de ferramentas TIC</u>	11
<u>2.11. Formación do Profesorado</u>	12
<u>2.12. Colaboración con outras entidades coma o concello, administración, empresas e outras organizacións</u>	13
<u>2.13. Conservación das instalacións e recursos</u>	14
<u>2.14. Xestión económica</u>	15
<u>2.15. Mellora na adquisición de competencias básicas</u>	15
<u>2.16. Coeducación e perspectiva de xénero</u>	16
3. BIBLIOTECA	17
4. HORARIO XERAL DO CENTRO	34
5. ORZAMENTOS. CURSO 2023/2024	35
6. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	35
7. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS	38
8. ANEXO I EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	39
9. ANEXO II PROXECTO CLUB LECTURA.....	50

1. NOTAS DE IDENTIDADE

O IES Leliadoura inaugurouse en outubro do ano 1995 ao amparo da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) co nome de Instituto de Educación Secundaria Frións, renomeado posteriormente como IES Leliadoura.

Tal como se recolle no Proxecto Educativo de Centro, este instituto defínese ideoloxicamente pluralista e democrático, respectando a evolución do alumnado e tendo en conta os valores democráticos, moi especialmente os da tolerancia e o respecto, igualdade, inclusión, participación, solidariedade e resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Procuramos ofertar unhas ensinanzas proveitosas e prácticas que axuden ao noso alumnado a exercer no futuro unha cidadanía crítica, responsable e participativa, promovendo a igualdade de xénero e potenciando a igualdade de oportunidades entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición, coa finalidade de educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razón de relixión, sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual e previr as súas consecuencias.

O noso centro procura un modelo de xestión participativo e democrático que facilitará que todos os estamentos que o compoñen dispoñan dos medios de información, consulta e participación necesarios para garantir unha consecución dos obxectivos comúns. A participación do alumnado é imprescindible para a súa integración no funcionamento do centro e tamén para a súa formación como persoas activas, membros dunha sociedade democrática.

O Centro ten feito unha decidida aposta pola utilización do papel reciclado, polo uso de iluminación LED e pola recollida selectiva, contando con contedores específicos na entrada do centro. Continuarase facendo fincapé na estratexia dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), insistindo nos tipos de material a introducir en cada un dos contedores de recollida selectiva.

Asemade, na cafetería do centro promoverase o consumo responsable e o fomento de hábitos de vida saudable coa promoción de alimentos propios dunha dieta equilibrada. Tamén se ofrecerá a posibilidade de consumir produtos naturais adaptados a dietas específicas por algún tipo de enfermidade, con información sobre alérxenos.

2. OBXECTIVOS XERAIS

2.1. Desenvolver unha contorna saudábel para todos os membros da comunidade educativa.

O curso 2023-2024 pódese dicir que foi o primeiro no que se recupera a normalidade, tal e como se entendía antes do comezo da pandemia. Pero iso non significa, que neste curso 2024-2025, se descoide a vixilancia por manter unha contorna saudábel para todos os membros que compoñen a comunidade educativa.

Por outro lado, dentro das actividades complementarias, e en relación con temas de saúde, ao igual que en anos anteriores, organizaranse charlas sobre as consecuencias do consumo de drogas e sobre sexualidade.

Obxectivos específicos:

- Tendo en conta todo isto, os nosos obxectivos específicos serán os seguintes:
- Desenvolver nunha contorna saudábel segura a actividade formativa do noso alumnado e do resto da comunidade educativa.
- Potenciar o uso da aula virtual por parte de todo o profesorado, especialmente para a atención ao alumnado que por algún motivo de saúde non poida asistir ao centro durante un tempo prolongado.
- Proporcionar formación a todo o profesorado que a necesite para impartir docencia telemática.

Liñas de actuación:

- Implicar á comunidade educativa no cumprimento das instrucións para manter unha contorna saudábel.
- Promover a práctica de actividades que fomenten o coidado da saúde.
- Potenciar a aula virtual de tal xeito que todo o profesorado teña os seus cursos nela e que o alumnado saiba manexarse no seu uso.
- Celebración de todas as reunións, claustros, Consellos Escolares, CCP, sesións de avaliación, preferentemente de xeito telemático.

Recursos:

En relación cos obxectivos e liñas de actuación propostas para este punto o centro dispón dos seguintes recursos:

- Horario de atención do equipo directivo de xeito que se cubran todas as horas lectivas de ESO e Bacharelato con unha representante dispoñible, polo menos, para atender calquera necesidade e/ou consulta.
- Profesorado de garda en todas as sesións de clase de ESO e Bacharelato, especialmente reforzada na atención do alumnado nos recreos.
- Aula virtual a dispor de todo o profesorado.
- Cámaras para facilitar a docencia telemática ao profesorado ou alumnado que o necesiten.
- Gardas de rede e equipo de profesorado que atenden os recursos TIC.
- Responsable de actividades complementarias e extraescolares que coordina aos diferentes equipos que promoven actividades deste tipo (biblioteca, dinamización lingüística, etc).

2.2. Fomentar, a comunicación, participación e imaxe do centro

Para acadar este obxectivo xeral propoñemos os seguintes obxectivos específicos así como tamén as liñas de actuación a seguir o os recursos dos que dispón o centro.

Obxectivos específicos:

- Facilitar o acceso a toda a información relativa a calquera aspecto educativo de interese para alumnado, familias e profesorado usando as canles corporativas proporcionadas pola Consellería: Abalar, web do centro e correo corporativo.
- Mellorar a coordinación dos órganos colexiados do centro, tanto a CCP, coma o Claustro e especialmente o Consello Escolar.
- Impulsar o funcionamento da Xunta de Delegados, con, polo menos, unha reunión cada trimestre.
- Manter canles de comunicación fluídas entre familias, titorías e equipo directivo.

Liñas de actuación:

- Publicación por parte do equipo directivo de toda a información que lle afecte á comunidade educativa na páxina web do centro.
- Convocar as reunións coa antelación debida e achegando os materiais necesarios para o seu correcto seguimento.

- Fomentar o debate ordenado e a realización de propostas construtivas dentro das competencias de cada órgano.
- Convocar reunións periódicas cos delegados/as das diferentes etapas.
- Fomentar a participación da ANPA e a afiliación de novas nais e pais.
- Difundir e aproveitar as posibilidades comunicativas do Espazo Abalar.
- Facilitar a comunicación entre nais / pais, titores e titoras e profesorado en xeral.
- Fomentar a presentación de candidaturas nas eleccións ao Consello Escolar co fin de acadar a máxima representación de todos os sectores.

Recursos:

En relación cos obxectivos e liñas de actuación propostas para este punto, o centro dispón dos seguintes recursos:

- Disponibilidade suficiente de horas de gardas do equipo directivo e profesorado, especialmente nos períodos de recreo.
- Gardas de rede e equipo de profesorado que atenden os recursos TIC.
- Profesorado coordinador do espazo Abalar.
- Contacto directo entre a Dirección do centro e os/as socios/as da ANPA e o seu equipo directivo.
- Xunta de delegados/as.

2.3. Manter actualizado o Proxecto Educativo do Centro

Obxectivos específicos:

- Revisar e potenciar a oferta de materias optativas e ciclos formativos
- Actualizar o PEC ás novidades legislativas en materia educativa que se vaian producindo.

Liñas de actuación

- Manter actualizada a documentación do instituto facendo partícipe ao maior número posible de profesorado, principalmente o que ostente a Xefatura de departamento para implicar directamente ou indirectamente a todo o profesorado do centro nesta importante tarefa.
- Debater a oferta de materias optativas tanto na ESO coma no Bacharelato e a

posibilidade de ofertar itinerarios recomendados en base a criterios pedagóxicos e de organización de recursos, con vistas a atender os cambios que o vindeiro curso se darán nos cursos impares, ao abeiro da nova lei educativa.

- Promocionar axeitadamente as materias optativas que os distintos departamentos desexen potenciar.

- Debater a oferta da FP Dual.
- Dar a coñecer a versión dixital do PEC entre a comunidade educativa.

Recursos

- Para levar a cabo estas actuacións é importante a implicación dos Departamentos Didácticos, a través do seu órgano de representación que é a CCP, do equipo directivo e en última instancia do Consello escolar.

2.4. Fomentar as medidas que favorezan a convivencia entre os membros da comunidade educativa

Obxectivos específicos:

- Acadar unha maior participación da comunidade educativa no ámbito da convivencia, desenvolvendo o Plan de Convivencia.

- Mellorar a coordinación entre o profesorado, Xefatura de Estudos e Depto. Orientación.

- Dar a coñecer as Normas de Organización e Funcionamento.
- Colaborar co equipo de Mediación escolar dos centros do concello no que tamén está representado o noso centro.

- Fomentar estilos de vida saudables, para o que se puxo en marcha unha optativa de centro.

Liñas de actuación

- Reunir periodicamente o Observatorio e a Comisión de convivencia.
- Dar a coñecer aos distintos colectivos as NOF e poñelas a disposición de todos/as.
- Definir protocolos de actuación.
- Regular e potenciar o uso da Aula de Convivencia.
- Seguir potenciando medidas específicas cara á igualdade de mulleres e homes e a non discriminación.

- Actuación decidida contra o acoso escolar.
- Actualizar o Plan de Acción Titorial, incluíndo protocolos claros de actuación

Recursos:

Neste eido é importante a colaboración entre a Xefatura de Estudos, titorías, o departamento de Orientación e a Comisión de convivencia. Este curso incorpórase 1 hora de reunión semanal entre os/as titores/es de cada nivel con orientación e xefatura de estudos

2.5. Mellorar os plans e programas de atención á diversidade

No centro contamos con alumnado con dificultades de aprendizaxe que nos leva a organizar estratexias de reforzo educativo para ese alumnado.

Obxectivos

- Revisar e desenvolver aquelas medidas de atención á diversidade que aínda non o estean.
- Coordinar ao profesorado que leve a cabo actuacións relacionadas con medidas de atención á diversidade e reforzos educativos.
- Complementar esta atención co persoal docente procedente do programa PROA+ solicitado e concedido: un especialista en Matemáticas.
- Dar continuidade ao grupo de alumnos no Programa de Diversificación Curricular existente en cursos anteriores, comezando un novo ciclo cos de 3º ESO.
- Mellorar a atención e integración do alumnado usuario da Aula Específica.

Liñas de actuación

- Desenvolver o Plan Xeral de Atención á diversidade. Analizar e avaliar as diferentes medidas vixentes no centro, así como outras posibles medidas propostas.
- Seguimento mensual pola Xefatura de estudos e profesorado de nivel xuntamente co departamento de orientación segundo corresponda.
- Ter en conta a este alumnado no deseño de actividades, e facilitar a súa participación.
- Impulsar colaboracións cos nosos veciños da Asociación Ambar e organizacións similares.

Recursos

Aquí é fundamental o papel que xogan tanto o Departamento de Orientación como o de Actividades Complementarias e Extraescolares, sen esquecer o labor que se fai desde as titorías. Sinalar tamén a importancia de contar coa dotación de un profesional, especializado en pedagogía terapéutica, procedente do programa PROA+.

2.6 Calendario do curso e sesións de avaliación

O calendario queda recollido na orde do 3 de maio de 2024.

No caso do noso centro escolléronse como día non lectivo, a maiores nos establecidos na Orde da Consellería, o 20 de maio de 2024.

En canto ás avaliacións o calendario é o seguinte:

- Avaliación inicial: 22, 23 e 24 de outubro.
- 1ª avaliación: 16, 17, 18 e 19 de decembro.
- 2ª avaliación: 24, 25, 26 e 27 de marzo
- 3ª avaliación: a partires do 9 de xuño para, 1º FP Básica e 1º de Bacharelato. No caso de 2º de Bacharelato o calendario fixarao a CIUG. No caso dos bacharelatos esta será tamén a avaliación final.
- Avaliación extraordinaria bacharelatos e final do resto de cursos: a partir do 21 de xuño. En 2º de bacharelato queda a expensas do que ditaminen a Consellería e a CIUG.

2.7 Actividades Complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares son as que serven para complementar a formación o alumnado, comprenden tanto as realizadas no horario lectivo e dentro do recinto educativo (chamadas complementarias) como as realizadas fóra del ou fóra das instalacións do centro (chamadas extraescolares).

No Anexo 1 reflíctense todas as actividades que se programan en todos os niveis e/ou departamentos de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional Básica (*Informática e Comunicacions*) e ciclos medio e superior. No IES Leliadoura ofértanse os seguintes ciclos:

-Ciclos Medios: *Xestión Administrativa* (1º XA e 2º XA)

-Ciclos Superiores: *Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma* (1º DAM, 2º DAM), *Administración de Sistemas Informáticos en Rede* (1º ASIR e 2º ASIR), *Administración e*

Ademais de todas as actividades que aparecen neste documento, ao longo do ano poden aparecer outras ofertadas por diferentes organismos que tamén se levarán a cabo coa colaboración deste departamento. Con posterioridade serán reflectidas na memoria final de curso.

A coordinación das actividades complementarias é asumido por Juan José Martínez Sampedro, vicedirector do centro e tamén profesor de Física e Química.

Ademais colaborarán as coordinadoras da Biblioteca e do Equipo de Dinamización Lingüística, así como todo o equipo directivo.

2.8 Mellora da comprensión lectora

Obxectivos específicos:

- Mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- Fomentar o gusto pola lectura entre os membros da comunidade educativa.
- Adquirir hábitos de lectura, máis alá das que son obrigatorias nos programas das distintas materias que conforman o currículo.
- Promover o gusto pola lectura de distintos xéneros literarios.
- Mellorar a capacidade lectora e a súa transmisión en público.
- Desenvolver a capacidade crítica na interpretación de textos escritos.

Liñas de actuación:

- Continuar co Club de lectura cuxo proxecto enlaza co da Biblioteca, sobre o mar, que ten como tema “**BIBLIOCONCIÉNCIATE**”.
- Organizar por trimestres o tema da biblioteca segundo se mostra no apartado dedicado a explicar este programa (punto 3 desta Programación). Ademais continúaase no Anexo II, que explica o proxecto do Club de Lectura, que dá continuidade ao desenvolvido o curso anterior.
- Dar a coñecer á comunidade educativa, especialmente aos pais/nais a existencia dun espazo fronte á aula de titoría onde se expoñan as publicacións existentes no centro que poidan ser do seu interese.

Recursos:

Aínda que o equipo de Biblioteca e mais a Vicedirección, como coordinadora de actividades complementarias e extraescolares, son fundamentais para conseguir este obxectivo, deben contar coa participación de todo o profesorado, así como tamén do alumnado e dos pais e nais, xa que todos eles son parte activa nestas actividades.

2.9 Potenciación de linguas estranxeiras e Programas Internacionais

Obxectivos

- Potenciar a aprendizaxe das Linguas Estranxeiras.
- Revisar o Plan Lingüístico do Centro.
- Potenciar os Programas Internacionais con vistas a, se non se pode desenvolver neste curso, manter en vindeiros anos académicos, cando a situación sanitaria o permita, a posibilidade de completar a formación no estranxeiro.

Liñas de actuación

- Manter os desdobres de comunicación oral na materia de inglés.
- Manter e optimizar o uso do equipamento tecnolóxico do Laboratorio de Idiomas.
 - Coordinar e potenciar o traballo do auxiliar de linguas, animándoo a desenvolver actividades.
 - Manter e potenciar a sección bilingüe difundíndoa axeitadamente.
 - Retomar o contacto con centros estranxeiros para o intercambio de correos electrónicos entre o alumnado de seccións bilingües.
 - Potenciar a materia optativa de Francés no Bacharelato.
 - Animar a profesorado e alumnado a participar nos distintos programas (Erasmus).
 - Organización de probas de certificación de nivel de inglés para o alumnado e 4º ESO e 1º, 2º de Bacharelato e 2º de Ciclos Formativos, financiadas con orzamento da Consellería segundo a resolución que organiza estes programas.

Recursos

Os departamentos de Linguas, o EDLG, o equipo de Seccións Bilingües e os responsables de dinamización de Programas internacionais son clave para poder acadar estes obxectivos e levar adiante estas liñas de actuación.

2.10 Fomento do uso de Ferramentas TIC

Obxectivos:

- Posta en marcha da Aula Virtual do centro para todo o profesorado e alumnado.
- Potenciar o uso das TIC como ferramenta didáctica, organizativa e de comunicación.

- Organizar os traballos de mantemento do sistema informático, a xestión de incidencias e a realización de tarefas especiais de mellora ou equipamento.
- Fomentar o uso do software libre.
- Demandar a mellora do equipamento de pantallas interactivas par aulas de ESO e Bacharelato.
- Potenciar o uso dos materiais chegados para Polos Creativos.

Liñas de actuación

- Desenvolver o Plan de Integración das TIC que reflicta obxectivos, necesidades de formación, etc.
- Desenvolver o Plan Dixital do centro redactado en cursos anteriores.
- Definir e coordinar as tarefas dos membros do Equipo de Dinamización TIC.
- Documentar o sistema informático do Centro e crear manuais para os administradores/as.
- Consolidar a figura de responsable de aula TIC e o responsable do Plan Dixital, así como o de Polos Creativos, para facilitar a xestión de incidencias.
- Desenvolver canles que melloren a coordinación e comunicación entre usuarios/as e administradores/as.
- Racionalizar os recursos existentes, distribuíndo o material do mellor xeito posible en beneficio do maior número de alumnos e materias.
- Procurar a colaboración do profesorado non especialista na resolución de incidencias e no desenvolvemento de tarefas específicas.
- Facilitar que o profesorado coordinador e dinamizador TIC teñan horas de garda para atender a resolución de incidencias.
- Colaborar activamente co Coordinador do Plan Dixital no desenvolvemento do proxecto, formación do profesorado, documentación necesaria, xestión de incidencias, etc.
- Elaborar normas de uso do equipamento TIC.
- Realizar grupos de traballo para mellorar a infraestrutura informática do centro.

Recursos

O equipo TIC, o coordinador de Polos Creativos, Seminarios de traballo (seguimento do Plan Dixital), o equipo directivo e todos aqueles que sexan usuarios de

aulas con dotación informática serán parte activa e indispensable para a posta en marcha destas liñas de actuación.

2.11 Formación do Profesorado

Obxectivos

- Formar ao profesorado para o empego da Aula Virtual do centro en todos os contextos: presencialidade ou posibilidade dun confinamento.
- Formación en novas tecnoloxías para a docencia telemática.
- Formación no desenvolvemento das ferramentas de Polos Creativos e na educación inclusiva
- Formación na mellora da xestión da biblioteca.

Liñas de actuación

- Promover o Programa de Formación Permanente do Profesorado (PFPP), por medio do cal se poñen en marcha 2 grupos.
- Continuaríase coa avaliación do PEM elaborado o curso pasado.
- Posta en marcha en colaboración co CAFI de 2 cursos de formación:
 - Educación inclusiva: grupo de traballo, cun mínimo de 5 docentes, por un total de 30 horas lectivas.
 - Polos creativos: competencias dixitais
- Apoiar ao profesorado na participación en cursos, congresos, etc.
- Elaborar cuestionarios para recompilar as necesidades de formación do profesorado do centro.
- Animar ao profesorado a participar de xeito que as actividades de formación repercutan máis positiva e directamente no centro.

Recursos

- Profesorado en xeral.
- Equipo TIC.
- Equipo directivo.
- Colaboración do CAFI.

2.12 Colaboración con outras entidades coma o concello, administración, empresas e outras organizacións

Obxectivos

- Mellorar a colaboración co Concello.

- Potenciar a relación cos centros educativos do contorno.
- Incrementar a relación coas Empresas e organizacións do contorno.

Liñas de actuación

- Colaborar co Concello, na medida en que as circunstancias o permitan, na organización de actividades conxuntas e manter unha relación fluída e constante cara ao mantemento e a mellora do contorno urbano do Instituto.
 - Colaborar activamente co Consello Escolar Municipal.
 - Manter unhas relacións de colaboración e entendemento cos demais centros educativos de Secundaria da bisbarra e da localidade.
 - Afondar na colaboración cos CEIPs do Concello para lograr unha boa integración do novo alumnado. Organizar actividades específicas dirixidas á integración do alumnado de 6º de primaria dos centros adscritos.
 - Ampliar a relación de empresas dispoñibles para a Formación en centros de traballo (FCT) do alumnado de ciclos formativos e FP Básica e para o da FP Dual.
 - Procurar novos xeitos de colaboración coas empresas e organizacións do contorno.
 - Desenvolver formularios de satisfacción das empresas de FCT para avaliar a relación co alumnado e o centro educativo.
 - Promover a FCT dos ciclos superiores de informática e administrativo dentro dun proxecto Erasmus+.
 - Desenvolver enquisas para detectar as necesidades das empresas e as posibilidades de contratación de alumnado titulado.

Recursos

Teñen especial relevancia os seguintes: o equipo directivo, a coordinadora de FCT, a coordinadora Erasmus, o departamento de orientación e o Consello Escolar.

2.13 Conservación das instalacións e recursos

Obxectivos específicos

Mellorar o estado de Conservación do centro.

Liñas de actuación

- Establecer protocolos de mantemento das instalacións do centro e do seu contorno tanto a nivel de limpeza e reparación de danos como a nivel de coidado da

vexetación, indicando os pasos a seguir en cada situación e o responsable do desenvolvemento de cada tarefa.

- Potenciar o labor de conserxes e limpadoras nas tarefas de revisión das dependencias do centro. Optimizar os partes de limpeza e danos como medio para recompilar información sobre o estado das instalacións.
- Recompilar, analizar e, se é o caso, executar propostas de mellora das instalacións do centro.
- Levar a cabo campañas de sensibilización sobre a conservación do centro.
- Actualizar os mapas do centro e do recinto, co maior detalle posible e poñelos a disposición da comunidade educativa para acadar propostas. Para iso, instalaranse paneis de sinalética interior en cada un dos andares, seguindo o novo modelo de imaxe corporativa da Consellería.
- Elaborar un listado claro e completo dos servizos contratados de mantemento e contrastar o seu custo con outras empresas da zona.

Recursos

- Todos os membros da comunidade educativa.

2.14 Xestión económica

Obxectivos específicos

- Acadar unha maior participación na xestión económica do centro.
- Optimizar a xestión dos recursos económicos.

Liñas de actuación

- Potenciar a Comisión Económica, posta en marcha con representantes de toda a comunidade, dentro do Consello Escolar.
- Fomentar a transparencia na xestión económica.
- Desenvolver un protocolo de xestión económica do centro onde se recollan todas as medidas, criterios, patróns e procedementos ordenadamente e por escrito.
- Racionalizar e establecer prioridades nos gastos do centro.
- Desenvolver unha lista clara de provedores habituais e opcionais e sistematizar a petición de orzamentos de cara á optimizar as compras e contratación de servizos.
- Procurar medios adicionais de financiamento. Estudar e difundir

concursos, proxectos, plans, etc. que poidan achegar financiamento extra

ao centro.

- Impulsar medidas de aforro enerxético (luz, papel, etc.), reciclaxe, etc.

Desenvolver unha campaña de sensibilización.

- Estudar posibles inversións en políticas de sustentabilidade.
- Estudar e negociar os servizos da entidade bancaria do centro, para eliminar comisións e acadar mellores condicións.

Recursos

- Equipo Directivo.
- Consello Escolar.
- Comisión Económica.

2.15 Mellora na adquisición de competencias básicas

Obxectivos específicos

- Mellorar a adquisición das competencias básicas do alumnado da ESO a través de actividades, desdobres e reforzos educativos, complementado co profesorado do programa PROA+.

Liñas de actuación

- Fomentar as actividades recollidas no Plan Lector, así como a difusión dos fondos da biblioteca, xunto cos concursos literarios promovidos desde esta como forma de mellorar a comunicación lingüística.

- Promover a participación en concursos como “Cifras e Letras” para facilitar a mellora da competencia matemática dun xeito práctico e divertido.

- Fomentar a participación en saídas como parte das actividades complementarias e extraescolares como medio de acadar melloras no coñecemento e interacción co mundo físico.

- Incrementar o uso das novas tecnoloxías nas clases como método educativo para mellorar a competencia dixital do alumnado, aproveitando os medios informáticos dos que dispón o centro.

- Fomentar a participación do alumnado en concursos e certames que melloren as súas destrezas artísticas.

- Dar a coñecer ao alumnado ferramentas que permitan as súas posibilidades de aprender a aprender, tanto bibliográficas como informáticas.

- Reforzar as áreas matemáticas e lingüísticas ao alumnado exento da segunda

lingua estranxeira en 1º e 2º da ESO.

- Mellorar as competencias matemática e científica do alumnado de da ESO co apoio do profesorado procedente do programa PROA+.

Recursos

En xeral van en consonancia co que dispón cada un dos departamentos nas súas programacións didácticas, xa que son eles os que marcan dun xeito concreto as medidas a adoptar para mellorar a adquisición de competencias básicas.

Asemade contamos co profesorado do programa PROA+.

2.16 Coeducación e perspectiva de xénero

Obxectivos:

- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, en particular a violencia contra a muller.
- Impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

Liñas de actuación:

- Promover actividades que incidan na igualdade de xénero.
- Organizar actividades que conmemoren as datas como a do 25 de novembro e 8 de marzo.
- Consolidar e aumentar a sección da biblioteca do centro con libros e materiais didácticos relacionados con esta temática.
- Desenvolver desde o departamento de Orientación actividades e charlas sobre perspectiva de xénero.

3. BIBLIOTECA

1. XUSTIFICACIÓN

Desde o IES Leliadoura concibimos a biblioteca coma un espazo de encontro e aprendizaxe, aberto a actividades de carácter transversal a todas as materias, fomentando a utilización dese espazo educativo por parte de toda a comunidade educativa, desde o profesorado aos alumnos como entes lectores e potenciais escritores,

polivalentes e críticos, xunto co desenvolvemento de destrezas básicas de procura de información e o uso das fontes de información con sentido crítico para adquirir novos coñecementos, capaces de discriminar e seleccionar a información. A biblioteca escolar convértese así nun dinámico centro de recursos, enténdese, pois, como o espazo idóneo á vez que versátil para poñer en práctica un ensino baseado no uso de multitude de recursos e fontes, que serven de apoio ao proceso de aprendizaxe de todas as áreas e fomentan o autoaprendizaxe e a formación permanente. Nesta liña adicamos os nosos esforzos e aspiramos a continuala nos vindeiros anos.

2.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO

A Biblioteca do IES Leliadoura estivo en Plans de Mellora de Bibliotecas ata o curso 2009-2010, acadando incluso premios importantes. A partir deste curso todos os anos fixemos un proxecto e aínda que ningunha vez fomos seleccionados/as, acadamos axudas económicas para material informático e mobiliario. Por outra banda levamos once anos participando co noso club de lectura “Leriadouro” nos concursos de axudas para tales, e sempre acadamos algunha axuda económica para o seu desenvolvemento. O curso pasado déronnos 1200 € (As actividades realizadas pódense ver na memoria do club). Este ano tamén presentamos proxecto para o club, pero non sabemos se nos darán a subvención.

Pola outra banda, cabe destacar que dende a Dirección sempre se fixo un esforzo económico importante, porque cre no noso traballo e na importancia que ten a biblioteca e o seu bo funcionamento para o centro e o desenvolvemento das actividades ao longo do curso. Este ano o presuposto é igual ca o do ano anterior que é de 5000€, o que fai que dispoñamos dun fondo moi amplo, aproximadamente uns 21000 documentos catalogados.

Entre estes:

- Libros de lectura : novelas, poesía, teatro, ensaio, cómics, álbums ilustrados, de divulgación científica... en galego, castelán, francés, inglés, portugués, ... Dos libros de lectura obrigatoria temos, como mínimo, dous exemplares de cada;
- Libros de información, obras de referencia ou consulta: dicionarios, enciclopedias, anuarios, catálogos, etc...

- Vídeos (DVD), de divulgación e cine

- CDs de música
- Revistas;
- Xornais do día;
- Xogos educativos;
- Ordenadores con acceso a Internet.
- Un ordenador con proxector e pantalla.
- Equipo de música e son, con altosfalantes.
- Un ordenador con impresora para catalogación.

3.- TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3.1.- Espazos

Os espazos utilizados para a Biblioteca son os de anos anteriores, cunha superficie aproximada de 170 m² total, contando con varias zonas diferenciadas para as distintas actividades que se poidan facer nela:

- Zona multimedia
- Zona de silencio total
- Zona informática
- Recuncho de novidades e recomendacións
- Zona de xestión
- Zona de xogos educativos
- Zona de lectura informal

3.2.- Membros do equipo

As integrantes do equipo da Biblioteca son as seguintes:

- Victoria Rodríguez Soto (Dpto. de L. Castelá e coordinadora da biblioteca)
- M^a Dolores Vidal Millán (Dpto. de L. Castelá)
- Isabel Santos Dávila (Dpto de Latín e Grego)

- Micaela López Varela (Dpto. de Economía)
- Pura Villar Martínez (Dpto. de Plástica)
- Irene Fernández Torres (Dpto. Administrativo)

Neste novo curso o Equipo de Biblioteca está integrado por tres compoñentes que xa formaban parte del nestes últimos anos, e que aportan toda a súa experiencia e coñecementos constituíndo uns dos piares fundamentais para o equipo. A equipa conta tamén con tres integrantes máis que comezan a súa andadura nel este curso.

3.3.- Horario

As horas de garda de Biblioteca non ocupan todo o horario lectivo debido aos recortes de persoal que estamos a sufrir, pero si o 65%.

O horario de gardas de Biblioteca está cuberto case na totalidade polos membros do Equipo agás nos recreos, que se cubriron as gardas con dúas persoas, e por problemas de dispoñibilidade horaria foi cuberta por outros compañeiros.

O equipo da Biblioteca contará con unha hora de reunión en horario lectivo: os martes de 11:40 a 12:30. Esta hora de reunión é importantísima xa que ten por obxecto planificar e coordinar actividades, propoñer actuacións, analizar problemas, expoñer e canalizar peticións, inquietudes e proxectos procedentes de todos os ámbitos da comunidade escolar.

As súas decisións e propostas fixéronse chegar ós distintos órganos representativos da comunidade a través da Vicedirección, dos/das representantes dos departamentos e das titorías. Tamén realizamos actividades en conxunto co Equipo de Dinamización Lingüística.

Hai que facer fincapé que cando o profesorado de ciclos superiores na terceira avaliación se ve liberado de parte do seu horario, as gardas si se intentan cubrir.

En todo caso, nas horas nas que non hai bibliotecario/a, a Biblioteca segue a disposición da comunidade educativa.

Funcións da coordinadora:

- Elaborar o Proxecto da Biblioteca escolar así como a Programación e Memoria de cada curso escolar.

- Coordinar o equipo de apoio da biblioteca.
- Organizar, clasificar e catalogar os fondos.
- Difundir os fondos e as actividades da biblioteca entre todos os membros da comunidade educativa e canalizar as súas demandas.
- Definir a política de préstamo e atender o servizo xunto ao equipo de apoio.
- Facilitar estratexias para o fomento da lectura, as habilidades na procura e uso da información así como a dinamización cultural.

Funcións do profesorado do equipo de apoio da Biblioteca.

- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do Proxecto bibliotecario.
- Colaborar na revisión do Proxecto e na elaboración da Programación e a Memoria de cada curso escolar.
- Recoller e canalizar as propostas do profesorado e alumnado en relación coas actividades relacionadas coa biblioteca.
- Establecer criterios para a adquisición de novos fondos atendendo ás demandas do profesorado, alumnado e ás necesidades do centro.
- Facilitar información e recursos aos membros da comunidade educativa.
- Apoiar ao profesor/a responsable na organización e dinamización da biblioteca.
- Permanecer na Biblioteca durante o período lectivo asignado.
- Procurar que o ambiente na Biblioteca sexa o adecuado para o estudo e a lectura.

3.4.- Rexistro e catalogación.

Catalogación

A catalogación realízase co programa informático de xestión de bibliotecas MEIGA. O devandito programa introduce os datos bibliográficos, seguindo as normas internacionais, e permite establecer procuras, seleccións, inventarios e xestiona os préstamos.

O catálogo informatizado conterá todos os materiais da biblioteca e pode consultarse polo menos polos seguintes puntos de acceso: autores, títulos, materias, ISBN.

O catálogo está a disposición dos usuarios/as a través de terminais adecuados para a consulta como é o blog da biblioteca. A dita consulta será facilitada mediante sistemas de axuda en liña, carteis explicativos, guías de uso impresas, etc. A automatización da biblioteca contribuíu á mellora da xestión, a ampliar o uso dos recursos e a súa difusión, a aforrar tempo aproveitando a catalogación realizada por outras bibliotecas e a ofrecer máis servizos e recursos.

No plano educativo, a automatización permite dar resposta dun modo máis eficaz aos obxectivos da biblioteca, permitindo ao equipo de biblioteca dedicarse fundamentalmente ás tarefas de índole pedagóxica e aumentando a motivación dos alumnos/as cara á investigación e a procura de información. Isto leva consigo unha maior utilización dos recursos e unha mellor comprensión das achegas das novas tecnoloxías.

Para a catalogación seguimos os criterios estandarizados da CDU (Clasificación Decimal Universal) pero simplificándoo ao noso contexto escolar.

Este sistema, pretende dividir todo o coñecemento humano en materias, asignando a cada unha un número e unha cor.

As dez áreas de coñecemento, realmente nove porque o 4 está baleiro, son as seguintes:

0. Xeneralidades: enciclopedias e dicionarios...
1. Filosofía. Psicoloxía. Ética.
2. Relixión. Mitoloxía.
3. Ciencias Sociais: Economía, Dereito, Pedagogía, Etnografía, Muller, ...
4. (Baleiro) Nós temos un apartado para o Barbanza
5. Matemáticas. Ciencias Naturais. Física. Química. Bioloxía...
6. Ciencias Aplicadas: Medicina, Tecnoloxía...
7. Arte. Música. Cine. Deportes.
8. Lingua. Literatura.
9. Xeografía. Historia.

As cores de cada grupo están estandarizadas.

3.5.- Organización dos fondos

Os libros están distribuídos nas estanterías por materias. Para a sinalización utilízanse rótulos pegados da cor correspondente da materia en cada andel.

-Cada libro ten unha etiqueta ("tejuelo") seguindo a CDU (Clasificación Decimal



Universal), que é o que se está a seguir na maioría das bibliotecas como sistema normalizado de clasificación temática xeral. É importante que calquera membro, e en especial o alumnado, poida moverse en calquera outra biblioteca coa mesma familiaridade coa que intentamos que o faga aquí.

Facémolo do seguinte xeito:

Cada libro leva no seu exterior, no lombo, unha etiqueta ou sinatura topográfica, un tejuelo, que indica o lugar da biblioteca no que se pode localizar.

Este identificativo achega a seguinte información:

- O número correspondente da CDU (se é literatura (e dentro dela narrativa, poesía, teatro, ensaio ou cómic), historia, ciencias, filosofía ...).
- As tres primeiras letras do apelido do autor en maiúsculas.
- As tres primeiras letras do título (sen artigos nin preposicións), en minúsculas.

Nos andeis, os libros están colocados dentro da sección correspondente, por orde alfabética de autores/as e por orde alfabética de títulos, no caso de varias obras da mesma autoría. Se a obra ten máis de tres autores/as, ou é corporativa, considérase de varios autores e ordénase por título.

Exemplos:

Filosofía	1
Platón	PLA
Diálogos	dia

Pero no apartado 82, que é o CDU de literatura, facemos outro tipo de distinción para que sexa máis doado atopar as obras. Clasificamos a literatura por xéneros (poesía, teatro, narrativa, ensaios, cómic) e tamén por idiomas, engadíndolle as letras: P, T, N, E e C segundo o xénero literario; e tamén a inicial do idioma en que se atopan os volumes: G, galego; C, castelá; I, inglés; F, francés; P, portugués; etc

Exemplos:

Narrativa galega	82N-G
Xosé Antonio Neira Cruz	NEI
	arm

O armiño dorme

Narrativa castelá	82N-C
Eduardo Mendoza	MEN
	ver

La verdad sobre el caso Savolta

Poesía galega	82P-G
Varios autores/as	VVA
	esc

Escolma de poesía galega

Con respecto ao cine, clasificámolas nos andeis coas tres primeiras letras en maiúsculas do título, obviando os determinantes e preposicións, como se fai cos títulos dos libros; aínda que neste caso non poñemos o autor, ou sexa, o director/a da película, xa que acostuma ser descoñecido/a por un grande número de usuarios/as.

Exemplo dun tejuelo de material audiovisual:

Título:	791.4
	SEC
El secreto de sus ojos	R-14456

Nas películas que veñen coa revista Speak Up, engadimos unha etiqueta verde na parte superior do canto da caixa para localizalas máis rapidamente

Cabe destacar o gran traballo que se está a facer para corrixir fondos mal catalogados e engadir descritores xa que moitos documentos teñen a súa ficha incorrecta ou incompleta. Tamén estamos a sinalar cal é o tema de que trata o documento, para así saber que material temos que traten esa materia. Por exemplo, se queremos atopar material sobre o acoso, buscamos na materia: acoso ou bullying e obteremos títulos de libros, cómics e películas que traten este tema.

Debemos seguir informatizando todos os fondos do centro, da Biblioteca e dos Departamentos, como un fondo común. Hai que seguir rexistrando o novo en Meiga e, simultaneamente imprimir e colocar etiquetas novas.

Dada a cantidade de fondos existentes, levamos varios cursos facendo isto pero temos que pensar e programar este obxectivo segundo resolución en varios cursos académicos. Nota: Estes obxectivos faranse segundo posibilidades (importancia do equipo de biblioteca), e faise constar que segue sendo tarefa de anos vindeiros.

Tamén continuamos na busca de novos espazos para unha boa organización dos documentos e fácil acceso para todos os usuarios/as. Nos dous cursos pasados aumentamos o número de andeis e seguimos recolocando, polo que faremos novos planos amosando a nova disposición.

3.6.- Criterios para realizar os empréstitos

Con respecto aos criterios que seguimos á hora de realizar un préstamo, son os seguintes: Pódense levar para a casa ata tres libros, CDs o DVDs, xuntos ou en préstamos separados, agás obras de consulta en sala. O período máximo de préstamo de cada libro é de quince días pero o prazo pode ampliarse renovando o período de préstamo por outros 15 días.

Os xogos e ordenadores están a disposición do alumnado e, cada vez que fagan uso deles, deben facerse responsables ata a súa devolución.

Cabe destacar que en todos os ordenadores hai control sobre as páxinas ás que o alumnado non pode acceder.
--

Con respecto ao fondo de material audiovisual, as caixas están en andeis abertos igual que no caso dos libros, pero os discos están nuns armarios aos que só ten acceso o

4.- OBXECTIVOS

OBXECTIVOS XERAIS:

- Dotar á Biblioteca dos materiais precisos para que sexa un instrumento útil e acorde ás necesidades actuais da comunidade educativa.
- Contribuír ao desenvolvemento de actividades de Centro con criterios de interdisciplinabilidade.
- Favorecer os procesos de innovación educativa.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Facilitar o desenvolvemento das Áreas de coñecemento transversais.
- Incentivar ao alumnado na ampliación de coñecementos.
- Axudar a descubrir o interese pola lectura.
- Difundir as novidades bibliográficas e audiovisuais sobre os temas a tratar na Comunidade Educativa.
- Fomentar a utilización de Internet como forma de información e coñecemento.
- Favorecer no alumnado o desenvolvemento da actividade creadora.

ACCÍONS PARA A INTEGRACIÓN DA CULTURA IMPRESA/CULTURA DIXITAL:

Basearase nas seguintes actuacións:

Ademais das actividades citadas con anterioridade, tamén levaremos a cabo as seguintes:

DIFUSIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA:

Actualizarase a decoración da biblioteca igual que no resto do centro en consonancia coas celebracións ao longo do curso (día contra a violencia da muller, nadal, día da Paz ...), así como tamén o expositor coas novidades en libros, revistas, películas e material multimedia que vaiamos incorporando aos fondos da biblioteca.

5.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “BIBLIOCONCIÉNCIATE”

1º TRIMESTRE: VIAXA ATA A TÚA CONCIENCIA

Neste primeiro trimestre as actividades do proxecto “BIBLIOCONCIÉNCIATE” xirarán ao redor da concienciación nos distintos ámbitos da vida: concienciación en valores, medioambiental... a existencia de prexuízos por razón de raza, relixión ou sexo, e a necesidade de concienciar ao noso alumnado sobre a desigualdade entre distintos grupos e sectores así como a imperiosa necesidade de coidar o que nos rodea, será o eixe vertebrador da nosa programación.

Utilizaremos as distintas experiencias ou viaxes vitais como elemento na procura da madureza, da afirmación personal tendo como modelos os modelos literarios positivos para imitar e os negativos para rexeitar.

Nas viaxes vitais reais ou recreadas adquirimos coñecementos de xeito máis intenso e podemos deprender realidades novas, mesturando valores da diversidade e tolerancia.

FORMACIÓN DE USUARIOS:

Durante as primeiras semanas do curso levarase a cabo a formación dos novos usuarios da biblioteca, é dicir, ao alumnado novo no IES Leliadoura, comezando polos máis novos, sendo os e as alumnas de 1º de ESO os que inaugurarán estas sesións de formación.

Presentarémolles a biblioteca, os seus espazos, a distribución e funcionamento aos distintos membros da comunidade educativa. Isto farémolo a través dun xogo, recibindo a cada grupo dentro do horario de titoría presencial. No caso dos cursos de Bacharelato e Ciclos formativos acordarase co titor/titora a mellor hora dentro da súa dispoñibilidade (do grupo e do titor) para facelo.

Tamén se lles indicará como acceder á consulta do catálogo da biblioteca e a posibilidade de dispoñer deles como usuarios.

Ofertarase ao alumnado a posibilidade de traballar nos recreos como auxiliares de biblioteca e así apoiar a profesorado de garda.

EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN:

No primeiro trimestre explicaráselles como utilizar o programa Meiga, para que poidan consultar por si mesmos a base de datos da nosa biblioteca, ferramenta de utilidade á hora de coñecer, incluso desde as súas casas, a posibilidade de acceder ao

préstamos dunha das obras en depósito no centro.

FOMENTO DA LECTURA:

Como parte importante do labor da biblioteca teremos en conta os seguintes aspectos:

Continuidade das actividades do club de lectura iniciadas no presente curso, con reunións e actividades mensuais realizadas durante un recreo ao mes.

Recomendacións de lecturas relacionadas co tema do proxecto, tanto lectura de aula recomendada desde os departamentos, como para o gozo persoal ou tamén como proposta no club de lectura.

Realización dun boletín/ tarxeta de suxestións de lectura, películas e música que se regalará ó alumnado o día de entrega de notas.

APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR:

Promoverase o uso da biblioteca e dos seus fondos para facilitar e enriquecer o desenvolvemento do proxecto lector do centro, organizando sesións de lectura en voz alta, lecturas encadeadas, dramatizacións, recitais, gravación en vídeo de lecturas colectivas.

APOIO A OUTROS PROGRAMAS E PROXECTOS DE AULA CENTRO:

No claustro do comezo de curso, repartiremos entre os Xefes de Departamento un impreso para cubrir con aqueles libros de lectura recomendada por parte de cada departamento.

No primeiro trimestre as actividades do proxecto estarán ligadas ao estudo das viaxes persoais, máis interiores, polo que traballaremos, entre outros, cos departamentos de Latín e Grego, Filosofía, Linguas Castelá e Galega, e o departamento de Xeografía e Historia.

ACCÍONS PARA A INTEGRACIÓN DA CULTURA IMPRESA/CULTURA DIXITAL:

Ademais das actividades expostas con anterioridade para este trimestre aproveitando a celebración do Samaín tamén levaremos a cabo:

Concurso de relatos de medo, tanto polos personaxes e contexto e situacións persoais.

Recompilación de historias de medo ambientadas no universo máis interior.

DIFUSIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA:

Publicitaranse as novidades e suxestións de lectura a través da páxina web, Instagram, dos expositores e dos taboleiros .

2º TRIMESTRE: “TOD@S SOMOS SUPERHEROES/SUPERHEROÍNAS. “

O fío condutor desde o punto de vista literario serán as personaxes literarias ou cinematográficas (algunhas baseadas en historias reais) que por razóns de xénero, raza ou relixión foron discriminadas no seu entorno máis ou menos próximo, desde a familia á sociedade.

Tentaremos evidenciar algunhas situacións e concienciar nelas.

No segundo trimestre hai unha data que é de carácter especial no noso centro: o Entroido. Por elo as actividades da biblioteca dentro do seu programa farán fincapé no tema deste curso e proporemos que os disfraces estean relacionados cos personaxes a quen se queren parecer polas súas virtudes, desde superheroes ata xente máis común.

Contemplemos a escaseza de superheroínas na cultura. Para elo organizaremos un concurso no que os participantes busquen información sobre estas personaxes. Con estes traballos faremos unha exposición cara o 8 de marzo para celebrar o Día da muller.

FORMACIÓN DE USUARIOS:

Continuaremos o labor iniciado no primeiro trimestre. Esta actividade será organizada coa visita dos distintos grupos nas súas horas de titoría.

EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN:

Entre os alumnos de 2º ESO e cursos superiores promoveremos un xogo de busca de información no programa Meiga a partires dunha serie de pistas.

FOMENTO DA LECTURA:

O Club de lectura manterá a súa periodicidade. Os libros propostos centraranse en temas relacionados ca concienciación en distintos ámbitos (igualdade, saúde física e mental, medioambiente...)

APOIO A OUTROS PROGRAMAS E PROXECTOS DE AULA CENTRO:

A Biblioteca colaborará estreitamente co departamento de extraescolares, e cos demais departamentos implicados, na organización de:

O desfile e concurso de disfraces do Entroido.

Exposición de obras baseadas en valores.

Encontro con algún autor ou autora dese tipo de literatura.

Celebración do Día da Paz cunha busca e exposición dunha resolución pacífica dos conflitos.

3º TRIMESTRE: DE DENTRO PARA FÓRA

O eixe ao redor do cal xirarán as actividades deste trimestre vai ser a exposición pública a través de diversas manifestacións artísticas do rexeitamento aos prexuízos e o canto a diversidade e a riqueza que esta supón.

FORMACIÓN DE USUARIOS:

O alumnado elaborará unha ficha cos libros que máis lles gustaran empregando como ferramenta de busca o programa Meiga.

FOMENTO DA LECTURA:

Continuidade da colaboración co Club de Lectura no que se leerán obras relacionadas co noso proxecto en curso. Posibilidade da realización dun intercambio con alumnos doutros centros para compartir experiencias vividas ao longo do curso.

APOIO AO DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR:

Neste trimestre teremos especialmente en conta a colaboración coas actividades que organicen os departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega para conmemorar o Día do Libro e o Día das Letras Galegas.

APOIO A OUTROS PROGRAMAS E PROXECTOS DE AULA E CENTRO:

Xa que as actividades van centrarse ao redor da concienciación poñendo o foco en distintos ámbitos sociais, promoverase un ciclo de películas desta temática, e tamén unha exposición con carteis e carátulas de películas famosas ao longo da historia nese xénero cinematográfico.

DIFUSIÓN DOS RECURSOS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA:

De novo contamos coa actualización da páxina web e co expositor de novidades como medios máis apropiados. De todos xeitos daremos publicidade nos medios de comunicación a todas aquelas actividades que vaíamos organizando.

Continuaremos aumentando os fondos da galería de mulleres artistas do IES Leliadoura, con ESCRITORAS, CINEASTAS E PINTORAS que trataron DE CONCIENCIAR Á SOCIEDADE na súas obras sobre a necesidade de coidar e non desestimar a nosa terra e aos seres que a habitan.

6.- AVALIACIÓN

Criterios e procedementos de avaliación.

Os criterios para a avaliación das actividades serán:

Grado de participación do alumnado por curso.

Grado de implicación do profesorado.

Grado de uso dos recursos por tipos: Bibliográficos, Informáticos, Multimedia.

Suxestións e críticas realizadas polos participantes.

- Enquisas entre ós participantes e o profesorado.

Respecto dos procedementos, se realizarán dous tipos de avaliación:

Avaliación Continua :

- Temos no mostrador de empréstitos un caderno permanente para suxestións e tamén a través do blog da Biblioteca.

- Na reunión semanal do Equipo da Biblioteca avaliaranse as actividades en curso co fin de tomar as medidas correctoras necesarias.

- Cando finalice unha actividade realizarase unha avaliación da mesma. Para facela utilizaranse os criterios antes mencionados. Esta avaliación será incluída na memoria anual.

Avaliación Final.

Ao final do curso faremos unha avaliación do funcionamento da Biblioteca entre toda a Comunidade Educativa co fin de corrixir as deficiencias que puideron existir e introducir as suxestións que nos realicen.

7. PLAN DE MELLORA

- Novo expurgo de materias deteriorados ou non actualizados.
- Novos rótulos para as diferentes seccións.
- Continuar coa actualización da catalogación
- Ampliación de fondos científicos (matemáticas, ciencias, tecnoloxía e artes ...)
- Incrementar o número de persoas que formen parte do equipo de biblioteca.

Anexo I Táboa de CDU adaptada ao noso centro:

0 XENERALIDADES. DICCIONARIOS. ENCICLOPEDIAS 01 Bibliograffas. Catálogos 02 Bibliotecas e documentación 03 Enciclopedias 038 Dicionarios 05 Publicacións periódicas (revistas, anuarios, ...) 07 Periodismo. Prensa. Diarios 087 Álbum ilustrado (predomina a ilustración). Libros infantís 088 Misceláneas (libros de temas variados)	5 MATEMÁTICAS. CIENCIAS NATURAIS 50 Xeneralidades sobre as ciencias puras. Natureza. Parques naturais. Medio ambiente. Ecoloxía 51 Matemáticas 52 Astronomía. Investigación espacial 53 Física 54 Química. Mineraloxía 55 Ciencias da Terra. Xeoloxía. Metereoloxía. 57 Bioloxía. Antropoloxía. Palenteoloxía. Fósiles 58 Botánica 59 Zooloxía 5/6 Xeneralidades das ciencias naturais e aplicadas	794 Xogos de mesa 796 Educación física. Deportes. Xogos deportivos
1 FILOSOFÍA. PSICOLOXÍA. ÉTICA	6 CIENCIAS APLICADAS. MEDICINA. TECNOLOXÍA 60 Xeneralidades das ciencias aplicadas. Inventos 61 Medicina. Saúde 62 Tecnoloxía. Enxeñería 63 Agricultura. Gandería. Caza. Pesca. 64 Alimentación. Economía doméstica. 67 Industria, comercio e oficios diversos	LINGÜÍSTICA. LITERATURA 81 Lingüística. Gramática 81-C Castelá 81-G Galega 81-I Inglesa 81-F Francesa 81-Gre Grega 81-Lat Latín 81-P Portugués 82 Literatura 821 Literatura universal. Historia da literatura
2 RELIXIÓN. TEOLOXÍA 22 A Biblia. Textos Sagrados 29 Mitoloxía	(Continúa coa mesma información que o bloque anterior)	N-C Narrativa en castelán N-G Narrativa en galego P-C Poesía castelá P-G Poesía galega T-C Teatro en castelán T-G Teatro en galego E-C Ensaio en castelán E-G Ensaio en galego C-C Cómic en castelán C-G Cómic en galego N-I Literatura en inglés N-F Literatura en francés N-P Literatura en portugués
3 CIENCIAS SOCIAIS. POLÍTICA. ECONOMÍA. DEREITO. EDUCACIÓN 30 Demografía. Socioloxía. Estatísticas. Política 33 Economía. Administración de empresas. Comercio 34 Dereito. Dereito laboral 35 Administración pública. Goberno. Asuntos militares	(Continúa coa mesma información que o bloque anterior)	CC00 Cultura Clásica (en xeral, incluída a mitoloxía) CC82 Literatura grega e latina

<p>36 Dereitos humanos.Paz Traballo social. ONGs. 37 Educación. Pedagogía. 371 Materias transversais. Educación en valores. Educación para a saúde. 372 Educación afectivo sexual. 39 Etnografía. Etnoloxía. Folclore. Usos e costumes. 396 Feminismo. Situación da muller</p>	<p>68 Informática</p>	<p>9 XEOGRAFÍA. BIOGRAFÍAS. HISTORIA 90 Arqueoloxía. Prehistoria 910 Guías de viaxes 91 Xeografía universal 91-E Xeografía de España 91-G Xeografía de Galicia 929 Biografías 93 Historia(didáctica, ensaios) 94 Historia Universal. Historia Univ. antiga. Historia das civilizacións 94E Historia de España 94G Historia de Galicia</p>
<p>4 BARBANZA B05 Publicacións B94 Historia do Barbanza.</p>	<p>7 ARTE. MÚSICA. DEPORTES.ESPECTÁCULOS 70 Historia da arte 7(06) Catálogos de museos e exposicións 72 Arquitectura. Urbanismo 73 Escultura. Cerámica 74 Debuxo. Deseño. Gravado 74BD Debuxando cómics 75 Pintura 76 Artes plásticas 77 Fotografía 78 Música 791.4 Cine 792 Teatro (audiovisual)</p>	

Anexo II

Normas de uso da biblioteca

ALGUNHAS NORMAS

- Á biblioteca véñse voluntariamente, non é un sitio de castigo, pero tampouco é unha cafetería.
- Gardaremos silencio ou procuraremos non alzar a voz cando traballemos en grupo.
- Os xornais e revistas non se poden sacar fóra da sala e deberán deixarse no seu sitio unha vez consultados.
- Os libros depositaranse no caixón de devolucións se non hai ningún profesorado de garda.
- Os DVD devolveranse en man.
- O uso dos ordenadores destinados ao alumnado será de carácter individual ou, como máximo de dúas persoas. O profesorado de garda poderá limitar o tempo de utilización de cada usuario (cando hai moita demanda) e restrinxir o acceso a xogos, you tube, metflogs, Chats... (se non teñen unha compoñente didáctica).

AXUDA A DOCENCIA

- A propia sala pode ser utilizada como unha aula cando o profesorado o precise. Este uso, pode ser exclusivo ou permitir a presenza doutros usuarios
- Na biblioteca atoparedes: guías didácticas de películas, de autores, material audiovisual de arte, de ciencias, de historia, de literatura... Recursos para traballar as competencias básicas, os contidos transversais, etc...
- Realízanse préstamos para a aula.

PRÉSTAMO

Co carné de lector accédese ao servizo de préstamo nas seguintes condicións:

- 1,2,3 : Pódense levar para a casa ata tres libros, CDs o DVDs, xuntos ou en préstamos separados, agás obras de consulta en sala.
- 15 días : O período máximo de préstamo de cada libro é de quince días.
- Renovación (+15): O prazo pode ampliarse renovando o período de préstamo por outros 15 días.

- Devolucións : Os libros depositaranse no caixón de devolucións se non hai profesorado de garda.
- Préstamo e devolución de DVD e CD : O período máximo deste préstamo é de 15 días tamén, pero a devolución realizarase en man (entrega directa ao profesorado de garda).
- Demora : A biblioteca poderalles notificar aos titores legais do alumno/a, ben directamente a través de titoría, por carta ou aviso, as devolucións fóra de prazo ou demoras que prexudiquen o funcionamento do servizo de préstamo.
- Deterioro ou perda: neste caso deberá procederse á súa reposición.

4. HORARIO XERAL DO CENTRO

De Luns a Venres de 8:00 a 14:30.

Ademais, Luns de 16:30 a 18:10.

Horario Lectivo do Centro

ESO, FP BÁSICA E BACHARELATO	Luns a Venres de 8:50 a 14:30 Luns de 16:30 a 18:10
CICLOS FORMATIVOS	Luns a Venres de 8:00 a 14:30
AULA ESPECÍFICA	Luns a venres de 8:50 a 14:30 Luns de 16:30 a 18:10

Horarios dos Servizos e Instalacións do Centro

Con carácter xeral o horario será o mesmo que o horario xeral do instituto coas puntualizacións que se indican en cada apartado.

Horario da Biblioteca

A Biblioteca estará dispoñible para a comunidade escolar todos os recreos no horario de 10:30 a 10:50 e de 12:30 a 12:50 de luns a venres. Serán os momentos onde se leven a cabo a maioría dos empréstitos e devolucións.

Tamén haberá servizo de atención durante 10 horas do período lectivo a maiores dos recreos, para atender préstamos, rexistro e/ou formación de usuarios/as.

Ademais, cando estea desocupada durante o horario lectivo, o profesorado poderá acceder á Biblioteca co alumnado para utilizar os seus recursos.

Horario da cafetería

De Luns a Venres de 8:00 a 13:40.

Ademais Luns de 16:10 a 18:10.

Horario da Secretaría

De Luns a Venres de 7:45 a 15:15. Atención ao público de 9:00 a 13:30.

Horario e condicións de apertura do Centro fóra do horario lectivo

Con carácter xeral, o horario será o mesmo que o horario xeral do instituto. As condicións estarán sometidas á dispoñibilidade e normas que se establezan en cada caso.

Horario de Nadal, Semana Santa e Entroido

De 11:00 a 12:30 por teléfono de luns a venres.

Horario de Verán

Xullo: De 8:30 a 14:00.

Agosto: Atención telefónica de 11:00 a 12:30.

5. ORZAMENTOS. CURSO 2023/2024

Tal e como se indicou máis arriba, os orzamentos previstos para este curso son os que figuran na memoria económica do centro elaborada pola Secretaría, tanto para o 1º trimestre (orzamentos do ano 2024) como dos dous seguintes (orzamento do ano 2025).

Agardamos que non se impoñan recortes orzamentarios desde a Consellería, para evitar a aparición de problemas na provisión de fondos para os distintos departamentos, espazos e servizos e no mantemento do centro.

6. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte Escolar

O IES Leliadoura dispón de transporte escolar en modalidade integrada, o que supón que o alumnado con dereito a transporte escolar acode ao centro en transporte urbano reforzado. Isto non se corresponde coa realidade da contorna na que está o centro, xa que non existe liña de transporte urbano que pase polas proximidades do instituto. Esta situación provoca numerosos conflitos coa empresa de transporte. Neste curso, polo menos no seu primeiro mes, estes problemas incrementáronse, xa que ao aumento no número de alumnado de ESO matriculado no centro, non se lle correspondeu cun aumento no número de autobuses que prestan o servizo.

Debido tamén á situación xeográfica do centro, reiteramos que a modalidade de transporte escolar que corresponde sería a de transporte integrado.

En total 385 rapaces e rapazas fan uso do transporte escolar e 1 deles ten axuda individualizada.

O servizo está proporcionado pola empresa Monbus. Dados os continuos problemas, que xa se viñan producindo o curso pasado e que no comezo deste se incrementaron, xestionouse unha reunión coa alcaldía para que mediase coa empresa e



coa Consellería de Mobilidade.

Nesa reunión acadouse o compromiso da empresa e da Consellería para revisar o mapa e organización das rutas, co fin de mellorar as múltiples deficiencias do servizo. Deste xeito, ao longo do mes de outubro están previstas reunións de traballo entre a dirección do centro e os responsables de Monbus para presentar unha proposta de remodelación do servizo á Consellería.

Xa que logo, algunhas das rutas que se especifican a continuación están pendentes de ser modificadas.

As rutas aparecen indicadas nas seguintes táboas:

RUTA: XG8470601 A POBRA DO CARAMIÑAL-FRIÓNS	
HORARIO	SAÍDA MAÑÁS: 8:20 h SAÍDA TARDES: 16:00 h
PARADAS	
1. Lagoíña	
2. Fonte	
3. Palmeira	
4. Palmeira (cemiterio)	
5. Saiñas	
6. Caramcheiro	
7. Fontao	
8. Antoxo	
9. Deán	
10. Remedios	
11. Coelleira	
12. Frións	

RUTA: XG8470701 Aguíño-Frións	
HORARIO	SAÍDA MAÑÁS: 8:15 h SAÍDA TARDES: 16:00 h
PARADAS	
1. Cruce de Aguíño	
2. Rúa da Cerca	
3. Cruce Couso	
4. Graña	
5. Vixán / Pedriña	
6. A Capela - Carreira	
7. Vilar	
8. Frións	

RUTA: XG8470801 Padín-Frións	
HORARIO	SAÍDA MAÑÁS: 8:30 h SAÍDA TARDES: 16:00 h
PARADAS	
1. Padín	
2. Ribeira (Lonxa)	
3. Ribeira E.A	
4. Totem	
5. Centenario	
6. Abesadas	
7. Mámoa	
8. Cruce Vilar	
9. Frións	

RUTA: XG8475201 Ribeira E.A. - Touro - Frións	
HORARIO	SAÍDA MAÑÁS: 8:15 h SAÍDA TARDES: 16:00 h
PARADAS	
1. Ribeira E.A	
2. Touro	
3. Camiño da Auga	
4. Ameixida	
5. Castiñeiras	
6. Areeiros	
7. Victoria	
8. Conservatorio	
9. Porto	
10. Aguiño (Centro médico)	
11. Aguiño	
12. A Igrexa	
13. Cruce de Aguiño	
14. Carreira	
15. Carreira - Campos	
16. Frións	
RUTA: XG8475301 Salmón – Oleiros – Ribeira E.A.	
HORARIO	SAÍDA MAÑÁS: 7:55 h SAÍDA TARDES: 15:40 h
PARADAS	
1. Salmón	
2. Oleiros	
3. Axeitos	
4. Bretal	
5. C�mping Dunas	
6. Atalaia	
7. Corrubedo	
8. Corrubedo de Arriba	
9. Espi�eirido	
10. Cruce de Sirves	
11. Bar Lere	
12. Panader�a Ramona	
13. Artes - Igrexa	
14. Outeiro	
15. A Conlleira	
16. Rotonda Xar�s	
17. Fri�ns	
18. Ribeira E.A	



RUTA: XG8476701 Sta. Uxía de Ribeira - Frións	
HORARIO	SAÍDA MAÑÁS: 7:50 h
PARADAS	
1. Santa Uxía de Ribeira	
2. Frións	

7. DOCUMENTO DE RECOLLIDA DE DATOS

Remitirse unha vez elaborado coa aplicación XADE.

ANEXO I: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

DEPARTAMENTO		
ACTIVIDADE	GRUPOS	DATAS/TRIMESTRE
TECNOLOXÍA		
Visita a Sogama	2º e ou 3º ESO	2º trimestre
Visita a Pull&Bear	3º,4º ESO e ou 2º BACH	2º trimestre
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		
Commemoración día da paz	1º e 2º de ESO	1º TRIMESTRE
Visita á casa de Rosalía	1º BACH	Por determinar
Asistencia a obras de teatro	Alumnado da ESO e 1º BAH	Por determinar
Día do libro, concurso microrelatos, lecturas especiais, etc	Alumnado da ESO e 1º BAH	Por determinar
Visitas a escritores	Alumnado da ESO e 1º BAH	1º e 2º TRIMESTRE
Relaizar ruta literaria	3º/4º ESO	1º e 2º TRIMESTRE
Talleres de creación literaria	3º/4º ESO	2º TRIMESTRE
FÍSICA E QUÍMICA		
Visita guiada ao Museo de Ciencia e Tecnoloxía da Coruña (Muncyt)	3º e 4º ESO	Por determinar
Centro educación ambiental Naturnova	2º ESO	2º trimestre
Visita e participación en actividades de investigación organizadas pola Casa das Ciencias de Coruña (laboratorio aberto)	3º/4º ESO	Por determinar
Charlas temáticas e visitas guiadas da USC a Centros de Ensino Medio de Galicia	1º e 2º BACH	Por determinar
Charlas temáticas Edumotiva/ Ponte Ensino-USC	3º/4º ESO	Por determinar
Día da ciencia en galego	2º ESO	Por determinar
Visita a unha depuradora cercana	2º ESO	Por determinar
Día internacional do libro	2º ESO	23 abril
Visita a algún centro singular de investigación da USC (CIQUS, CIMUS)	1º e 2º BACH	Por determinar
ECONOMÍA		
Visitas a empresas	4º ESO, 1 BACH	Por determinar
Charlas técnicas (emprendemento, finanzas)	4º ESO, 1 BACH	Por determinar
Concurso "Young business talents"	1 BACH	Por determinar
Participación concursos e/ou programas innovación educativa	4º ESO	Por determinar
Actividades vinculadas cos ODS da axenda 2030	4º ESO	Por determinar
EDUCACIÓN FÍSICA		
Semana Branca: Viaxe de Esqui.	4º ESO e 1º BACH	2º trimestre
Rafting	2º e 3º ESO, 1º BACH	3º trimestre
Paseos coa contorna do centro (Parque de San Roque, Parque Natural das Dunas de Corrubedo)	1º BACH	Por determinar
Semana Azul	ESO	3º trimestre

Jornadas Lúdicas	1º BACH	3º trimestre
Escolas deportivas "A Tempo" durante os recreos	4º ESO e 1º BACH	Recreos
Paseo (Rota das mámoas, subida ao Pindo)	1º e 2º ESO, 1º Bach	Por determinar
Actividades náuticas en colaboración co Náutico de Ribeira		3º trimestre
Escola Deportiva		
Participación en eventos deportivos varios en función da demanda		Segundo convocatoria
Deporte Escolar		
ORIENTACIÓN		
Obradoiros aprender a crecer	ESO e FP Básica	1º, 2º trimestre
Obradoiros CIM	ESO e FP Básica, Bacharalato	Por determinar
Charlas / Saída CIUGA	Bacharelato	Por determinar
Visita CFP Coroso	ESO e FP Básica	2º, 3º trimestre
ADMINISTRATIVO		
Visita-charla Lonxa de Ribeira	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	2º, 3º trimestre
Concurso Business Talents	AF2-AF1- AF Dual	1º, 2º, 3º trimestre
Concurso Young Business Talents	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	1º, 2º, 3º trimestre
Finanzas para mortais	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	2º, 3º trimestre
Memorial pola letra de cambio	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	2º, 3º trimestre
Xoenadas IGAPE	AF1-XA1- AF Dual	2º, 3º trimestre
Visita Inditex	AF2-AF1-XA2-XA1	2º, 3º trimestre
Visita a Madrid	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Programa Eduemprende Actúa	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Programa Edutec Emprime	Por determinar	2º, 3º trimestre
Visita ao centro de investigación de Camelias de Pontevedra	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Xornadas técnicas impartidas por profesionais da materia	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Visitas a organismos ou institución relacionadas co ciclo	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Visitas a organismos ou institución relacionadas co ciclo	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Xornadas sobre emprendemento cooperativo no País Vasco	AF2-AF1-XA2-XA1- AF Dual	Por determinar
Visitas a empresas e organismos públicos	Todos os grupos	Por determinar
Conferencias, charlas, obradoiros relacionados cos estudos dos ciclos medio e/ou superior	Todos os grupos	Por determinar
INFORMÁTICA		
Pont Up Store: exposición relacionada co emprendemento	ASIR2, DAM 2	1º trimestre
INCIBE: Evento de emprendemento en ciberseguridade, en Pontevedra	ASIR2, DAM 2	1º trimestre
HackForGood: encontró no que se mostran solución innovadoras, en Vigo	ASIR, DAM	2º trimestre
Visitar centros de computación (Inditex, AMTEGA, Citius)	ASIR, DAM, FP BÁSICA	2º / 3º trimestre

FP Innova: evento de emprendemento e innovación en Santiago	ASIR, DAM	3º trimestre
RELIXIÓN		
Visita á Igrexa de San Paio Carreira	1º e 2º BACH	2º ou 3º trimestre
Visita cultural ó Mosteiro Sobrado dos Monxes ou catedral de Tui.	1º, 2º, 3º, 4º ESO	2º ou 3º trimestre
Visita á Catedral de Santiago	1º e 2º BACH	2º ou 3º trimestre
MÚSICA		
Realizaránse actividades dependendo das ofertas culturais da zona	2º, 3º, 4º ESO e 1º BACH	Por determinar
Ecopercusión	3º ESO	2º trimestre
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL		
Visitas a exposición artísticas do concello e localidades próximas	1º, 3º e 4º ESO	Por determinar
Curso de gravado -Museo de Artes	1º BACH	Por determinar
XEOGRAFÍA E HISTORIA		
Saída a Santiago para estudar arte románica e barroco	2º BACH	2º trimestre
Saída a Santiago para estudar arte románica	2º ESO	2º trimestre
Ruta das mámoas polo Barbanza en colaboración co departamento de EF	1º ESO	3º trimestre
Visita a Illa de San Simón e cidade de Pontevedra	4º ESO todo o alumnado	3º trimestre
Outras en función de ofertas culturais, museos...	Todo a alumnado	Por determinar
SECCIÓN BILÍNGÜE		
Excursión a una cidade europea	3º, 4º ESO e 1º BACH	Por determinar
GRUPO DE TRABALLO POLA IGUALDADE		
Taller de autodefensa e novas masculinidades	4º ESO-XA1	8 marzo
FRANCÉS		
Saída para o salón do libro	1º, 2º, 3º, 4º ESO 1º e 2º BACH	Por determinar
Outras saídas segundo a oferta cultural (teatro, cine, museo, etc)	1º, 2º, 3º, 4º ESO 1º e 2º BACH	Por determinar
FOL		
Saída a Pont-up Store	2º CS Informática e administración	20/09/2024
Saída evento Ciberseguridade e emprendemento	2º CS Informática	08/10/24
Visita a empresas	1º 2º CM/CS, 4º ESO	1º, 2º trimestre
Realización de simulacro de primeiros auxilios	1º CM/CS	1º trimestre
Saída a evento traballo en equipo	1º CM/CS	2º trimestre
Visitas de emprendedores	1º 2º CM/CS, 4º ESO	
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		
Visita Museo Historia Natural (Santiago)	1º ESO	1º trimestre
Visita Acuarium Finisterre	1º ESO	2º trimestre
Visita guiada ó Parque Natural de Corrubedo	1º ESO	3º trimestre
Visita Ó Museo Domus (A Coruña)	3º ESO	2º trimestre
INGLÉS		

Escape Room en Inglés	Ciclos	1º trimestre
Teatro en Inglés	ESO / Bach	2º trimestre
Contacontos en Inglés	ESO / Bach	3º trimestre
GALEGO		
Día de Rosalía. Actividades relacionadas coa figura de Rosalía e a súa obra	1º, 2º, 3º e 4º ESO 1º e BACH	2º trimestre
Saídas para asistir a representación teatrais	Alumnado de ESO e Bach	Por determinar
Día das letras galegas: saídas, charlas, representación teatrais, segundo oferta	Alumnado de ESO e Bach	3º trimestre
Visitas a museos, casas de autores	Alumnado de ESO e Bach	Por determinar
Visita ó Pazo de Meirás	4º ESO	Por determinar
Marisqueo a pé, na Pobra do Caramiñal	1º e 2º ESO	3º trimestre
Charlas de autores e autoras de libros	Alumnado de ESO e Bach	Por determinar
Outras saídas que xurdan segunda a oferta cultural	Alumnado de ESO e Bach	Por determinar
Obradoiros literarios ou que estean relacionados coa materia	Alumnado de ESO e Bach	Por determinar
LATÍN-GREGO		
Festival de teatro Grecolatino	3º, 4º ESO, 1 Bach	2º trimestre
Viaxe a Grecia 2025 da SEEC Galicia	1º Bach	2º trimestre
Viaxe a vestixios Romanos da península Ibérica	3º, 4º ESO, 1 Bach	3º trimestre
BIBLIOTECA-CLUB DE LECTURA		
Visita ó salón do libro de Pontevedra	Alumnado do Club de Lectura	Por concretar
CONCELLO		
Concerto Didáctico	3º, 4º ESO, 1º BACH	13 novembro
CLUB DE LECTURA		
Saída final de temporada nunha cidade galega	Alumnado da ESO	3º trimestre

ANEXO II: CLUB DE LECTURA

HISTORIA:

Dende hai uns anos comezou a funcionar un club de lectura organizado polos tres institutos e as ANPAs da área educativa de Ribeira. Funciona conxuntamente e está dirixido a toda a comunidade, pero fundamentalmente a lectores e lectoras adultos.

O curso 2010-2011 o equipo da Biblioteca decidiu formar un club de lectura dirixido á comunidade educativa do IES Leliadoura no que teñan cabida lectores de varias idades. A súa actividade é independente do anterior, pero fixéronse actividades conxuntas.

Dende esta primeira experiencia, o equipo da biblioteca decidiu repetir novamente a actividade polo interesante e frutífera que resultou nestes anos de andadura. Porén, no curso 2015-2016, debido a sobrecarga horaria das persoas encargadas desta actividade, non foi posible realizala.

No curso 2016-2017 retomamos a actividade con éxito de participación tanto de alumnado como de profesorado. No curso 2021-2022 formamos un só grupo con 12 alumn@s coa participación de 4 profesoras (unha de Castelá, unha de Galego, unha de Matemáticas e unha de Informática). Así mesmo, colaboraron en actividades puntuais outros departamentos e a vicedirección.

O curso pasado o grupo foi de 21 alumnos e aumentou a implicación do profesorado, xa que foron 7 os docentes que colaboraron, engadíndose o departamento de Linguas Clásicas aos xa habituais.

O nome do club do IES Leliadoura é Club de Lectura Leriadouro. Este nome tamén se utiliza como xentilicio para os membros do club: “leriadouras” e “leriadouros”.

FINALIDADE:

O proxecto do Club nace coa finalidade de fomentar o gusto pola lectura, de compartir experiencias a partir dos libros e doutros materiais (cine, música, pintura, fotografía, banda deseñada, álbums ilustrados...), e de aproveitar e promover actividades na Biblioteca Escolar empregando os fondos que temos e tamén achegando ideas para o seu enriquecemento.

Aínda que a actividade vai dirixida a todo o alumnado, neste curso propoñerémonos atraer alumnado de 2º ciclo de ESO. Estes últimos anos conseguimos atraer a un bo número de participantes masculinos. O éxito foi debido á selección de temáticas variadas (especialmente banda deseñada, obras de teatro e contos e novelas con máis acción) e de animar, a través de titorías, carteis, blog...), aos mozos a participar neste tipo de actividades.

A lingua vehicular empregada será a galega, aínda que pode ser seleccionado algún material, polo seu interese e calidade, en lingua castelá.

Asemade, pretendemos complementar o Proxecto Lector do Centro a través das actividades promovidas desde o club.

Este ano o fío condutor vai ser o que se recolle no proxecto presentado polo Equipo de Biblioteca. O seu desenvolvemento verase favorecido polo feito de que as integrantes deste equipo colaboran tamén co Club de Lectura.

O slogan será “**BIBLIOCONCIÉNCIATE**”. Pormenorizando:

Mellorar os hábitos de lectura da comunidade educativa do centro entendendo a lectura como unha ferramenta básica no proceso de aprendizaxe.

Intercambiar as nosas experiencias como lectores e lectoras acadar o hábito de ler como unha actividade de ocio cotián e enriquecedora a nivel persoal e social.

Fomentar o respecto ás opinións e ás interpretacións diferentes e adoptar posturas que faciliten a convivencia no centro, apoiando, especialmente, a alumnado ao que lle custa relacionarse.

Mellorar as relacións entre os distintos membros da comunidade educativa.

Colaborar con outros Organismos da zona en diversas actividades (Club de lectura do IES Nº 1 e do IES de Porto do Son, Ateneo Valle-Inclán, Biblioteca do CEIP Frións, Bibliotecas Públicas da zona e Bibliotecas do Barbanza).

Acondicionar a biblioteca como un espazo de lectura axeitado e cómodo que permita o achegamento aos libros con facilidade.

Valorar a biblioteca como recurso vertebrador da actividade docente de todas as áreas.

Achegar o alumnado a produtos artísticos visuais, como o teatro, cine, cómic, fotografía, álbums...

Fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación (Códigos QR, Podcast, vídeos, xogos de ordenador...)

Empregar maioritariamente a lingua galega e materiais escritos en galego.

Seguir mantendo a paridade n@s participantes do club, propoñendo actividades atractivas onde se amose que calquera lectura pode ser desfrutada por tod@s.

ACTIVIDADES:

A nosa experiencia demóstranos que o fomento da lectura nun centro educativo é un proceso dinámico, suxeito a cambios, melloras e imprevistos. Polo tanto, é moi difícil facer unha programación ríxida.

Segundo o texto escollido, propoñeranse actividades variadas como por exemplo:

Encontros con escritoras/es, ilustradoras/es, contacontos,

conferenciantes...

Roteiros, viaxes ou pequenas saídas á contorna...(Sen concretar, pois estamos á espera de eventos culturais e das colaboracións con outros departamentos para abaratar o importa da viaxe).

Sesións de contacontos de medo, entre os membros do club.

Películas, curtas, documentais relacionados cos temas do club.

Creación dun "Pasaporte lector" de experiencias lectoras onde se recollan, xunto coas pasaxes, frases ou episodios escollidos, as sensacións, percepcións, pensamentos, imaxes, sentimentos e ideas suxeridas pola experiencia lectora.

Concursos e xogos: realizaremos un xogo ou unha actividade de escrita ou de expresión plástica.

Exposicións no centro: sobre material relacionado coa temática lendaria e mítica non só na literatura senón tamén nas artes plásticas, a música, o cine, etc. (Actividade que se realizará no Centro durante todo o ano de xeito interdisciplinar).

Galerías de imaxes.

Lecturas en voz alta de fragmentos e recitado de poesía e de obras de teatro: en especial de obras de Luisa Villalta, a escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024.

Encontros con membros doutros clubs.

Intercambio de experiencias, materiais e actividades con clubs doutros lugares.

Obradoiros de escritura, ilustración, actividades conectadas ou suxeridas polas experiencias do libro.

Actividades relacionadas coas lecturas organizadas desde distintos foros.

COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES:

O club de lectura ofértase a todo o alumnado, pero intentaremos atraer especialmente a alumnado de 2º ciclo ESO. Este ano o número máximo de participantes vai ser 24.. Consideramos a posibilidade de dividir o grupo en dúas seccións por cuestións de nivel, se é axeitado.

Tamén contaremos con varias profesoras (unha de Galego, dúas de Castelá, unha de Ciclos, unha de Matemáticas, unha de Plástica e outra de Latín). Ademais, hai outros/as profesores/as que se ofreceron para botar unha man na planificación dalgunhas actividades. Entre eles, están o director e a vicedirectora.

ORGANIZACIÓN:

Formarase un grupo (ou dous se fose necesario), atendendo a dous niveis de lectura.

Escollerase unha lectura por mes e teremos una reunión/encontro mensual.

Os membros do club crearán un carné de lector do club Leriadouro, onde se recollerán os datos da súa participación. Este carné permitirá facer un seguimento das actividades nas que participan, premiando con vantaxes en empréstitos da Biblioteca Escolar, compensacións nas notas etc ; pero tamén penalizando coa retirada do carné a aqueles que reiteradamente e sen xustificación deixen de participar ou asistir. A elaboración do carné será un modo de motivar ao alumnado participante.

HORARIO:

Coa intención de posibilitar a asistencia ás reunións previstas, e tendo en conta a experiencia destes anos, a mellor opción é a de reunirse ao mediodía do día que hai clase pola tarde. As reunións serían os luns de 14:30 a 16:30. Así volven no transporte habitual e non teñen que quedar unha hora máis despois das clases.

Continuaremos empregando a conta de Instagram do Centro, porque consideramos que é un medio de comunicación moi empregado entre a mocidade.

CALENDARIO:

As reunións serán o último luns de cada mes, como norma xeral.

COORDINACIÓN:

A coordinadora do club será a profesora de inglés, Eva María Duarte Martínez. As outras profesoras (Victoria Rodríguez Soto, Irene Fernández Torres, María Isabel Santos, Pura Villar Martínez) reuniranse xunto coa coordinadora para planificar as actividades. Puntualmente, reunirémonos cos colaboradores e colaboradoras.

DIFUSIÓN:

Para a animar a novos membros e para contribuír á difusión das actividades propostas polo club, usaremos o Blog da Biblioteca (biblioteca.leriadoura.com.es), o Blog do Club de Lectura (leriadouro.wordpress.com), o pasaporte lector de cada membro do club, que ofertará vantaxes como usuaria e usuario preferente da Biblioteca Escolar, actividades e información a través das Titorías, carteis, marcapáxinas e vídeos. Asimesmo, faremos uso da conta de Instagram do Centro e presentacións , que serán exhibidas no centro, na televisión da entrada.